

Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública e o proxecto de construción: "Acondicionamento de aparcadoiro de servizo á estrada AC-862 (Narón)", de clave: AC/20/131.10.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. A actuación obxecto do proxecto consiste en definir un aparcadoiro con carácter de elemento funcional vinculado a estrada AC-862 e ao vial de acceso ao novo centro de saúde en Narón, mellorando a seguridade viaria na estrada de Castela e reducindo o risco de accidentes, así como solucionando o problema do estacionamento derivado da construción do centro de saúde.

Segundo. No Diario Oficial de Galicia núm. 47, do 10 de marzo de 2021, publicouse o Anuncio do 4 de marzo de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción: Acondicionamento de aparcadoiro de servizo á estrada AC-862 (Narón), de clave AC/20/131.10.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes, e no trámite de información pública non se formularon alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico



e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (*DOG* n.º 179, do 20 de setembro).

Segundo.-De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia.

O artigo 22.2 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño, establece que no caso de estudos ou proxectos sometidos aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas, unha vez emitido o informe sobre as alegacións presentadas, o órgano competente da administración promotora da actuación debe adoptar a correspondente resolución, que pode ser de aprobación definitiva de todo o ámbito do estudo ou proxecto ou ben só dunha parte deste.

De acordo co que establece o artigo 23 da citada Lei 8/2013, do 28 de xuño os estudos e proxectos sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e informe das administracións afectadas, unha vez aprobados definitivamente, teñen a consideración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o disposto na lexislación autonómica de ordenación do territorio, e as determinacións que neles se conteñen terán forza vinculante para as administracións públicas e para os particulares e prevalecerán sobre as determinacións do planeamento urbanístico vixente, sen prexuízo de que as entidades locais nas que se asenten as infraestruturas obxecto do proxecto deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto.

Polo exposto, o Concello de Narón deberá adaptar o seu planeamento urbanístico na súa primeira modificación ou revisión ao contido no proxecto.



De acordo con todo o exposto, e tralos informes e certificados presentados,

RESOLVO

Primeiro.- Aprobar o expediente de información pública "Acondicionamento de aparcadoiro de servizo á estrada AC-862 (Narón)", de clave: AC/20/131.10.

Segundo.- Aprobar o proxecto de construción: "Acondicionamento de aparcadoiro de servizo á estrada AC-862 (Narón)", de clave: AC/20/131.10, mantendo o trazado aprobado inicialmente como definitivo.

Terceiro.- Conforme establece o artigo 23 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Narón deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, na súa primeira modificación ou revisión.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.>>

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A Conselleira de Infraestruturas e Mobilidade

Por delegación, Orde do 07/09/2017, Diario Oficial de Galicia 20/09/2017

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

(asinado dixitalmente)

 **Xacobeo 21-22**

